



REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO  
DE SAN CAETANO O DÍA 22 DE FEBREIRO DE 2007,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.  
EMILIO PÉREZ TOURIÑO

## ACORDOS

### VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se modifica a modificación dos estatutos da Fundación Galega para a Tutela de Adultos

### CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de cooperación entre a Xunta de Galicia a través da Consellería de Cultura e Deporte e o Concello de Cartelle (Ourense) para levar a cabo a actuación deportiva denominada "piscinas municipais, no denominado Campo da Feira, na aldea de Ortomuro".

### CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

- Acordo polo que se autoriza o compromiso plurianual recollido na orde pola que se modifica a Orde do 4 de outubro de 2006 pola que se aproban as bases que rexerán a convocatoria de bolsas de formación en réxime de empresa tuteladas para os titulares de ciclos formativos de acuicultura
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización da acción de investigación: control microbiolóxico integrado en criadeiras de moluscos

### CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Pontedeume para a execución de obras de mellora das redes de saneamento. Ampliación e melloras na rede de saneamento de Pontedeume (A Coruña), por importe de 276.032,63 euros
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Rois para a execución das obras: Actuacións de abastecemento na

comunidade autónoma. Ampliación das infraestruturas hidráulicas en Seira, Sorribas e Ribasar. Rois (A Coruña), por importe 791.762,33 euros

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Petín para a execución das obras: saneamento a pequenos núcleos de poboación, Renovación e mellora do abastecemento e saneamento de auga nas rúas de Santiago e Sobredo. Petín (Ourense), por importe 364.500 euros
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello do Barco de Valdeorras para a execución das obras: actuacións de abastecemento na comunidade autónoma. Abastecemento e saneamento nas rúas: Pena Trevinca, Xirimil, Florencio Delgado Gurriarán, Virxe da Barca, Lugo e A Balorca. O Barco de Valdeorras (Ourense), por importe 650.000 euros

#### CONSELLERÍA DE TRABALLO

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo para establecer anticipos superiores ao 10 por cento do importe das subvencións no momento da súa concesión, na orde de convocatoria para o ano 2007, pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública de subvencións para a programación de accións formativas experimentais e complementarias do Plan FIP

#### CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Acordo polo que se autoriza a aprobación de definitiva do proxecto sectorial do correspondente proxecto de urbanización do parque empresarial de Vilanova de Arousa I (Pontevedra)

## INFORMES

### CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre as actuacións da Xunta de Galicia en relación coa situación do buque Ostedijk

### CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta das obras de emerxencia desenvolvidas nas distintas estradas das provincias de Coruña e Pontevedra afectadas polas choivas de outubro e novembro, por un importe de 1.856.500 euros

### CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de declaración de emerxencia para atender as actuacións levadas a cabo pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos en relación coas inundacións sufridas na Comunidade Autónoma de Galicia no mes de outubro de 2006

## A XUNTA AMPLÍA AS FUNCIÓNS DA FUNGA PARA CONVERTELA NUN ORGANISMO DE XESTIÓN ÁXIL E EFICAZ DOS SERVIZOS E CENTROS PARA PERSOAS DEPENDENTES

- O Consello da Xunta vén de aprobar a modificación dos seus estatutos, co que se amplían as súas funcións
- Ademais de incorporar esta nova área de xestión, a FUNGA seguirá tutelando os adultos incapacitados legalmente ou en situación de desamparo
- O orzamento desta fundación para o ano 2007 ascende a medio millón de euros, cinco veces máis que no ano anterior

O Consello da Xunta, na súa reunión de hoxe, vén de aprobar a modificación dos estatutos da Fundación Galega para a Tutela de Adultos, FUNGA, que pasa a denominarse Fundación Galega para o Impulso da Autonomía Persoal e a Atención ás Persoas en Situación de Dependencia. Con este cambio, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar amplía as funcións deste organismo e incorpóralle unha nova área de xestión para o desenvolvemento de recursos e centros para a autonomía persoal. Deste xeito, convértese nun organismo de xestión, áxil e eficiente, dos recursos e centros para a atención da dependencia.

Ademais de incorporar esta nova finalidade, a Funga continuará mantendo a súa función orixinaria, que é a de protexer xurídica e socialmente as persoas maiores de idade incapacitadas legalmente ou en situación de desamparo, que nestes momentos se achegan ao millar.

Os orzamento desta Fundación para o ano 2007 ascende a medio millón de euros. O incremento dos seus recursos obedece á posta en marcha desta área de xestión da dependencia, que adquire un papel relevante trala inminente aprobación da Lei estatal da dependencia, a elaboración da futura Lei galega de servizos sociais, ou pola creación de organismos como o Instituto Galego de Servizos Sociais ou o Consorcio Galego de Servizos Sociais.

### Finalidade da Funga

A Fundación Galega para o Impulso da Autonomía Persoal e a Atención ás Persoas en Situación de Dependencia é unha entidade constituída pola Xunta de Galicia, de interese galego, sen ánimo de lucro e con personalidade xurídica propia, que ten por finalidade a defensa e protección das persoas en situación de dependencia. Deste xeito, a FUNGA proporcionará protección xurídica e social ás persoas maiores de idade incapacitadas legalmente e en situación de desamparo, a través do exercicio da tutela e da curadoría, e levará a cabo labores de defensa xudicial en procesos de incapacitación e de administración legal do patrimonio dos tutelados.

É tamén finalidade da Funga impulsar os recursos, prestacións, actividades, programas, proxectos ou equipamentos destinados a promover a autonomía persoal, a mellorar a accesibilidade e a favorecer a integración social das persoas que están en situación de dependencia e das súas familias ou cuidadores.

Segundo queda recollido nos novos estatutos aprobados hoxe polo Consello da Xunta, outra das finalidades da Funga é impulsar actividades de divulgación e sensibilización a prol da integración social e visibilización destes colectivos e participar na elaboración de estudos e análises sobre a avaliación dos servizos sociais de atención ás persoas en situación de dependencia.

A Funga colaborará na xestión dos servizos e centros de servizos sociais de atención ás persoas en situación de dependencia, así como na elaboración de estudos sobre a avaliación dos servizos dirixidos a estas persoas. Desenvolverá, ademais, actuacións preventivas de situación de dependencia e participará na formación dos profesionais que traballen neste ámbito.

Para o cumprimento destas finalidades, a Funga poderá establecer convenios e protocolos de colaboración con institucións públicas ou privadas que se dediquen a fins similares, así como subscribir contratos con persoas físicas ou xurídicas para o cumprimento dos seus fins. Ademais, poderá coordinar as súas actividades con aquelas outras que realicen as administracións públicas ou calquera outra institución cos mesmos fins e participar no deseño, desenvolvemento e execución de proxectos de ámbito estatal e internacional.

#### Goberno da Fundación

A Fundación contará cun órgano de Goberno, que estará rexido polo seu padroado. O presidente do padroado será o vicepresidente da Igualdade e do Benestar, Anxo Quintana; a vicepresidenta, a secretaria xeral do Benestar, María Xesús Lago. O secretario xeral e de Relacións Institucionais, Antón Losada, a secretaria xeral de Igualdade, Carme Adán, o director xeral de Acción, Social Bieito Seara, e o director xeral de Xuventude, Rubén Cela, serán os vogais do padroado, mentres que un funcionario designado pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar exercerá o cargo de secretario.

A Funga contará tamén cun órgano de xestión formado polo director da Fundación e os demais cargos directivos de primeiro nivel.

## A CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE COLABORARÁ CO CONCELLO DE CARTELLE PARA CONSTRUIR DÚAS PISCINAS

- O convenio establece as bases de colaboración entre a Xunta e o Concello para a realización das obras
- O investimento da Dirección Xeral para o Deporte nesta actuación é de 160.000 euros

A Consellería de Cultura e Deporte, a través da Dirección Xeral para o Deporte, asinará un convenio de colaboración co Concello ourensán de Cartelle para a execución de “piscinas municipais, no lugar denominado Campo da Feira, na aldea de Outomuro”, que terá un orzamento total de 200.000 euros.

A Dirección Xeral para o Deporte outorga unha axuda de 160.000 euros para a construción desta instalación deportiva, que terá un custo total de 200.000 euros. O proxecto, que foi encargado polo Concello, establece que as piscinas van ser construídas nunha parcela de 7.450 metros cadrados. Neste lugar hai actualmente un pavillón de deportes cuberto (en construción), un lavadoiro e un espazo para xogos infantís. A nova instalación deportiva contará con dous vasos, un deles de 20x9 metros e outro máis pequeno para nenos de 5x4, cunha profundidade máxima de 40 centímetros. Ademais, contará cunha caseta para instalar os equipos mecánicos necesarios para o bo funcionamento da piscina e realizarase o peche da parcela.

Esta piscina é unha obra demandada dende hai moitos anos por este municipio ourensán, polo que coa consecución deste convenio se cumpren as expectativas dos veciños e veciñas de Cartelle. Así mesmo, a Dirección Xeral para o Deporte cumpre cunha das súas liñas de actuación, que é a de traballar para lograr a igualdade de oportunidades para todos, de forma que os nenos e nenas de interior de Galicia tamén poidan acceder á práctica do deporte.

## PESCA E A USC TRABALLAN PARA REDUCIR A MORTANDADE DE LARVAS DE BIVALVOS EN CRIADEIROS

- A Consellería achegará **82.000 euros para a realización da investigación “Control microbiolóxico integrado en criadeiras de moluscos”**
- Con esta iniciativa tamén se persegue a autonomía das plantas de cultivo no control da calidade microbiolóxica e a supresión do uso de antibióticos

O Goberno de Galicia autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta, a través da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para a realización da actividade de investigación “Control microbiolóxico integrado en criadeiras de moluscos”, coa que se busca reducir a mortandade de larvas de bivalvos rexistrada nestas instalacións. Ademais, perséguese a autonomía das plantas de cultivo no control da calidade microbiolóxica e a supresión do uso de antibióticos.

Para levar a cabo esta iniciativa, o departamento autonómico investirá un total de 82.000 euros que se financiarán con cargo aos orzamentos xerais de Galicia para 2007 e 2008. Concretamente, a partida deste ano será de 39.325 euros, mentres que a do próximo exercicio ascenderá a 42.735 euros. Aínda que a vixencia do convenio é ata o 31 de decembro de 2008, considérase a posibilidade de prorrogalo.

Neste proxecto porase a punto un protocolo de control do estado sanitario das plantas de cultivo, integrándoo nos traballos de rutina dos criadeiras e aplicando coñecementos obtidos en actuacións anteriores, de xeito que o esquema resultante sexa aplicable a calquera instalación similar.

Hai que ter en conta que o cultivo de bivalvos en Galicia se basea principalmente na importación de exemplares doutros países, o que ocasiona problemas como a mortandade por inmersión, e fai preciso determinar os axentes responsables desta, tanto de orixe bacteriana como vírica. Ademais, a diversificación de especies coas que se traballa actualmente fai necesario un estudo independente daquelas acabadas de incorporar aos criadeiras que teña en conta as súas particularidades (temperatura, alimentación, cambios de auga, etc.) e que permita dispor de protocolos de control microbiolóxico.

Á parte de identificar os axentes patóxenos, tamén resultan necesarias medidas que axuden a paliar a mortandade, atendendo á prohibición de usar antibióticos nos cultivos larvarios. Neste eido, hai que sinalar que en proxectos anteriores xa se comezou a explorar a alternativa do uso de probióticos, é dicir, aditivos microbianos vivos.

Seleccionáronse bacterias mariñas con actividade fronte a membros do xénero *Vibrio*, identificado en numerosas ocasións como responsable de grandes mortandades en moluscos, e demostrouse a súa actividade a pequena escala ao seren inoculadas en auga de mar. Sen embargo, un produto desta natureza non se pode manter de modo sinxelo nas plantas, polo que tamén é preciso atopar novas alternativas para a conservación e distribución industrial dos probióticos.

#### Autonomía dos criadeiros e supresión de antibióticos

Con este proxecto de optimización da produción larvaria preténdese acadar, así mesmo, a autonomía dos criadeiros no control básico da calidade microbiolóxica xunto coa diversidade de especies e a supresión do uso de antibióticos.

Para lograr estes obxectivos considéranse distintas actuacións entre as que se atopan a monitorización do estado sanitario das plantas de cultivo ou a aplicación de bacterias probióticas mariñas nos diferentes cultivos larvarios co desenvolvemento dun proceso para uso industrial. Ademais, avógase por aplicar a técnica DGGE (electroforese en xel desnaturizante con gradientes), xa empregada en proxectos anteriores, ao seguimento das poboacións bacterianas en larvas.

Para o desenvolvemento de todas estas actuacións, a USC encargárase de subministrar as cepas bacterianas, do estudo dos cultivos obtidos a partir das mostras procesadas no CIMA e das técnicas moleculares como a aplicación da DGGE. Pola súa banda, o CIMA ocupárase de todo o proceso de desova e desenvolvemento dos cultivos larvarios, de aplicar o probiótico, de tomar e procesar mostras microbiolóxicas do criadeiro e de seguir os ensaios realizados co probiótico.



## A XUNTA APROBA A MODIFICACIÓN DA ORDE POLA QUE SE CONVOCAN BOLSAS DE FORMACIÓN PARA TITULADOS EN CICLOS FORMATIVOS DE ACUICULTURA

- A Consellería de Pesca investirá máis de 28.700 euros na convocatoria de tres bolsas de especialización post-formativa en réxime de empresa tutelada en dúas anualidades: 2007 e 2008
- Os estudantes de Formación Profesional Específica en Acuicultura que sexan seleccionados deberán incorporarse, segundo a nova orde, o primeiro de marzo para a realización de prácticas de xestión e produción de cría de bivalvos

O Consello da Xunta autorizou hoxe o compromiso plurianual correspondente á orde pola cal se modifica a Orde do 4 de outubro de 2006 na que se aproban as bases que rexerán a convocatoria de bolsas de formación en réxime de empresa tutelada para os titulados en ciclos formativos de acuicultura. A Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, a través da Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro, investirá para estas axudas un total de 28.770 euros, agora distribuídos nas anualidades 2007 e 2008.

Con esta nova orde, que modifica a anterior, o departamento que dirixe Carmen Gallego convoca tres bolsas de especialización postformativa para titulados en formación profesional específica en acuicultura para a realización de prácticas de xestión e produción de cría de bivalvos na modalidade de empresa tutelada. Os bolseiros seleccionados deberán agora incorporarse a elas o día 1 de marzo.

Debido a que a anterior orde foi publicada no Diario Oficial de Galicia (DOG) con data 24 de outubro de 2006 non foi posible levar a cabo o procedemento de selección nos prazos establecidos, xa que se estimaba que os seleccionados se incorporasen ás prácticas o día primeiro de novembro. Sendo así, fíxose necesario modificar certos aspectos previstos na citada orde de convocatoria como son a data de inicio das prácticas.

### Características das bolsas

As bolsas que concede a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos serán por un período dun ano pero poderán ser prorrogables por outro máis, se así o solicita a parte interesada. A contía de cada unha das axudas inclúe unha asignación mensual bruta de 715 euros así como un seguro de asistencia médica e seguro combinado de accidentes, ademais terá en conta e aplicará o Real Decreto, do 27 de xaneiro de 2006, polo que se aproba o Estatuto de persoal investigador en formación. Aínda así, dado o carácter formativo e de especialización destas bolsas, a concesión das axudas non implican relación laboral ou administrativa entre o beneficiario e a Consellería de Pesca nin dará lugar á súa inclusión na Seguridade Social. Os bolseiros, pola súa

banda, deberán cumprir co horario e as normas de funcionamento do centro onde realicen a súa formación.

O tránsito á vida laboral é un dos aspectos máis relevantes nos novos enfoques da formación profesional. Dentro das iniciativas que se teñen revelado como máis eficaces para que se produza con éxito este proceso, está o modelo de empresa tutelada, que sendo de titularidade pública, reproduce os medios e procesos de produción e xestión propios dunha empresa real na que se lle facilita ao bolseiro un período de práctica laboral. Deste xeito, con estas bolsas, a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos quere facilitar todo o posible o paso do mundo da formación ao laboral aos novos profesionais titulados, ao tempo que continúa a traballar no seu programa destinado á formación de pescadores.

## MEDIO AMBIENTE DESTINARÁ MÁIS DUN MILLÓN DE EUROS A OBRAS DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO EN PETÍN E O BARCO DE VALDEORRAS

A Consellería de Medio Ambiente destinará 1.014.500 euros a obras de saneamento e abastecemento nos municipios ourensáns de Petín e O Barco de Valdeorras, despois de que o Consello da Xunta aprobase hoxe os acordos de colaboración con ambos os concellos para a execución das obras.

No municipio do Barco de Valdeorras realizarase un investimento de 650.000 euros para acometer a renovación das infraestruturas de saneamento e abastecemento nas rúas Pena Trevinca, Xirimil, Florencio Delgado Gurriarán, Virxe da Barxa, Lugo e A Balorca. As obras contan cun prazo de execución de dez meses.

Os traballos de mellora do abastecemento consistirán na instalación dunha nova rede de tubo que permita aumentar a presión da auga, así como as correspondentes chaves, válvulas, reposición de acometidas e bocas de rega. No caso do saneamento, instalarase unha rede de 1.417 metros de tubo, cos correspondentes pozos de rexistro e a reposición de acometidas domiciliarias. A obra completárase coa canalización para a rede de iluminación e a reposición de pavimentos afectados.

As obras no concello de Petín contan cun orzamento de 364.500 euros e un prazo de execución de cinco meses, e centraranse na mellora do abastecemento e saneamento de auga nas rúas de Santiago e Sobredo.

Os traballos consistirán na renovación da rede de abastecemento de auga, co fin de satisfacer as necesidades do crecemento de poboación, así como a substitución da rede de saneamento, que debido ao seu envellecemento sofre continuas roturas e perdas.

A renovación da rede de abastecemento e saneamento incluírá unha rede de pluviais separada e a colocación dun tubo para que no futuro poidan ser eliminadas as liñas aéreas eléctricas e de iluminación pública.

## A XUNTA FINANCIA OBRAS HIDRÁULICAS NOS CONCELLOS CORUÑESES DE ROIS E PONTEDEUME CUNHA ACHEGA DE 1.067.794 EUROS

A Consellería de Medio Ambiente investirá 1.067.794 euros en melloras nas infraestruturas hidráulicas dos concellos coruñeses de Rois e Pontedeume. O Consello da Xunta aprobou hoxe a colaboración da administración autonómica e a local para realizar estas obras, que se executarán con cargo aos orzamentos do presente ano.

As obras previstas no concello de Rois contarán cun orzamento de 791.762 euros destinados a melloras no saneamento e abastecemento nas parroquias de Seira, Sorribas e Ribasar. O prazo de execución é de oito meses.

Para mellorar o saneamento nestas parroquias construírse unha estación depuradora de augas residuais (EDAR) para 250 habitantes equivalentes, que beneficiará aos núcleos do Sisto e Ribasar. Así mesmo, instalarase unha rede de colectores separativa con 1.500 metros de tubo de PVC en saneamento e 700 metros de tubo de PVC na rede de pluviais.

Os traballos de mellora do abastecemento consistirán na instalación dun tubo de polietileno de alta densidade de 11.000 metros de lonxitude, para dar servizo aos diversos núcleos de poboación das parroquias de Seira, Sorribas e Ribasar. As obras completaranse coa construción dunha nova ponte sobre o río da Rubial, cun taboleiro de 7 metros de luz libre para evitar a obstrución existente, e coa reposición do firme afectado.

Por outra parte, a Consellería de Medio Ambiente investirá 276.032 euros no proxecto de ampliación e mellora na rede de saneamento do concello de Pontedeume, que incluírá a instalación dunha rede de sumidoiros para conducir as augas residuais ata a depuradora nos núcleos que carecen deste servizo.

A obra, que ten un prazo de execución de seis meses, consistirá na instalación dunha rede de saneamento mediante uns 720 metros de colector de PVC no núcleo de Chao de Vilar, na parroquia de Vilar. O colector discorrerá paralelamente á estrada N-561 que une Pontedeume coa Coruña e Ferrol. Así mesmo, colocaranse pozos de rexistro cada 40 metros, e unha arqueta na conexión coa rede xeral.

## A XUNTA APROBA O PROXECTO SECTORIAL E O PROXECTO DE URBANIZACIÓN DO PARQUE EMPRESARIAL VILANOVA DE AROUSA I

- O parque empresarial desenvolverase sobre unha superficie de 276.540 metros cadrados e o investimento total ascende a 11,3 millóns de euros

O Consello da Xunta aprobou na súa xuntanza de hoxe o proxecto sectorial e o proxecto de urbanización do parque empresarial Vilanova de Arousa I. A actuación desenvolverase sobre unha superficie de 276.540 metros cadrados cun investimento total de 11,3 millóns de euros.

O Parque Empresarial de Vilanova de Arousa I é promovido pola Sociedade Empresarial do Atlántico (SEA), na que a Consellería de Vivenda e Solo participa nun 15%. A zona da actuación está situada no Concello de Vilanova de Arousa na comarca do Salnés, no denominado Monte Chan, lindando co Pazo de Baión, o Pazo Cabido e próximo ao Castro de San Xoán.

Os proxectos aprobados hoxe establecen unha ordenación do ámbito baseándose na integración no territorio e minimizando o impacto ambiental do parque empresarial, dividindo o ámbito en dúas áreas: a norte, caracterizada por un uso terciario e parcelas de menor tamaño, e a sur, caracterizada por un uso maioritariamente industrial e a distribución en parcelas de maior tamaño.

Ademais, o proxecto sectorial e de urbanización do parque empresarial Vilanova de Arousa I propoñen a concentración das zonas verdes e equipamentos na zona norte do futuro parque empresarial, integrando na zona verde unha carballeira existente dentro do ámbito.

### Distribución dos usos

O Parque Empresarial de Vilanova de Arousa I terá unha superficie total de 276.540 metros cadrados, dos que se destinarán a uso terciario e industrial un total de 141.576 metros cadrados. En concreto, a zona norte, destinada a uso terciario, terá unha superficie de 37.735 metros cadrados, mentres que a superficie da zona sur, destinada a uso industrial, ascende a 103.841 metros cadrados. O resto da superficie do parque empresarial destinarase a equipamentos, zonas verdes, rede viaria e aparcadoiros.

## TRABALLO INVESTIRÁ PRETO DE DOUS MILLÓNS DE EUROS NA POSTA EN MARCHA DE ACCIÓNS FORMATIVAS EXPERIMENTAIS E COMPLEMENTARIAS DO PLAN FIP AO LONGO DE 2007

- As accións do Plan de Formación para a Inserción Profesional (FIP) están dirixidas ás traballadoras e aos traballadores desempregados inscritos no Servizo Público de Emprego

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión desta mañá, aprobou a orde pola que se procede á convocatoria pública de subvencións para a programación de accións formativas experimentais e complementarias do Plan de Formación para a Inserción Profesional (FIP). Estas actividades formativas están dirixidas ás traballadoras e aos traballadores en desemprego inscritos no Servizo Público de Emprego e contan cun orzamento de case dous millóns de euros.

As actividades obxecto de subvención, que se desenvolverán ao longo deste ano, son os proxectos formativos con compromiso de contratación inmediata que non se axusten aos requisitos do Plan FIP. Así, as entidades incluídas nesta categoría (empresas, agrupacións de empresas e entidades sen ánimo de lucro) deberán comprometerse a contratar como mínimo o 60% dos participantes por un período mínimo de seis meses a xornada completa. No caso de que o proxecto formativo se dirixa a algún dos colectivos desfavorecidos, (discapacitados, persoas en paro de longa duración, maiores de 40 anos ou mulleres en sectores subrepresentadas) exixiráselles unha contratación do 40%.

O programa de Formación para a Inserción Laboral (FIP) é un catálogo cun contidos moi especificados na orde que regula o Plan FIP e deseñado para unha serie de ocupacións que xa contan coas correspondentes categorías plenamente definidas. A actualización de contidos e a aparición de accións novedosas obrigan a establecer unha serie de axudas para aqueles cursos que non teñen cabida dentro do FIP.

Tamén serán subvencionables os cursos de posgrao e cursos organizados por escolas de especialización profesional das universidades galegas dirixidos á mellora da empregabilidade das persoas con titulación universitaria. Por último, establécense axudas para as accións de carácter experimental que non teñan cabida no Plan FIP e que melloren a empregabilidade das persoas destinatarias. Os beneficiarios deste tipo de subvencións son as empresas, agrupacións de empresas, entidades sen ánimo de lucro e entidades locais.

As axudas que se promoven estarán destinadas a sufragar os gastos derivados da execución das actividades formativas e, no caso das accións formativas dirixidas

especificamente aos alumnos e alumnas con discapacidade, os custos derivados da contratación de persoal de apoio nestas accións.

#### Modalidades de impartición e solicitude

Segundo se recolle na orde, as accións formativas poderán desenvolverse na modalidade de presencial, a distancia, teleformación ou mixta, e no momento de realizar a solicitude deberá especificarse a modalidade pola que optan.

Por outro lado, as entidades que desexen impartir unha actividade de formación deberán formalizar a correspondente solicitude, á que poderán acceder nas delegacións provinciais da Consellería de Traballo ou nas dependencias da Dirección Xeral de Formación e Colocación.

## O CONSELLO DA XUNTA ANALIZA UN INFORME SOBRE AS ACTUACIÓNS DESENVOLVIDAS POLA ADMINISTRACIÓN EN RELACIÓN AO BUQUE “OSTEDIJK”

- O Goberno galego activou con carácter preventivo os grupos operativos de resposta diante do inicio das operacións
- Os responsables dos departamentos de Presidencia, Pesca e Medio Ambiente manteñen contacto cos alcaldes e patróns maiores das confrarías da Mariña para informalos das operacións que se están a realizar
- As medicións da calidade do aire na zona revelan que non existe contaminación ambiental
- Hoxe prevese o enfriamento da carga a través da introdución de tubos con auga a presión

O conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza informou hoxe, na reunión semanal do Goberno galego, das accións desenvolvidas pola Administración desde o pasado sábado, día no que o cargueiro holandés “Ostedijk” avisou de que se estaban a producir problemas no seu interior. Na madrugada do sábado 17 o buque deu aviso dun incidente a bordo, consistente na degradación de parte da súa carga, con saída dunha columna de gases procedentes das súas adegas.

A Xunta foi inmediatamente informada do incidente polo Ministerio de Fomento e pola Delegación do goberno, responsables directos das decisións operativas. Constitúese nese momento un Comité Reitor para a toma de decisións, do que forman parte representantes da Xunta encabezados polo conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e técnicos dos departamentos de Política Territorial, Sanidade, Pesca e Medio Ambiente.

Das distintas análises realizadas polo Comité Reitor, conclúese que non se dan os supostos para activar o Plan Territorial de Continxencias por Contaminación Mariña de Galicia.

Non obstante, e con carácter puramente preventivo, a Xunta de Galicia activa os grupos operativos de resposta diante do inicio das operacións de enfriamento da carga do buque “Ostedijk”. Esta decisión tomouse unha vez que na xornada do martes se puxo en marcha o dispositivo para levar o “Ostedijk” a unha zona de abrigo para realizar as tarefas de enfriamento e refrixeración da carga. Así, na tarde do martes constituíronse o grupo de resposta no mar; o de resposta en terra, e o de protección civil. A finalidade é ter prevista a resposta de calquera tipo de necesidade que puidese xurdir en relación coa situación do buque, tanto en mar como en terra.



### Grupos operativos

O grupo de resposta no mar está a tomar as medidas axeitadas para o control e a seguridade na zona de operacións, o grupo de medioambiente mobilizou os equipos de medida e calidade do aire e está a facer un seguimento da posible propagación dos gases, do que se informará puntualmente a través da web da Consellería de Medio Ambiente. O grupo sanitario está a tomar as medidas adecuadas para o control sanitario preventivo das vilas que se encontran na área de posible influencia, e os grupos de protección civil e de apoio loxístico están en prealerta á espera de que lles sexa solicitada a súa axuda.

A Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos ten dispostos para a súa intervención se fose necesaria a Base Operativa de Celeiro e Hangar, con persoal técnico permanente, o Helicóptero "Pesca 2", con base en Celeiro e cun radio de acción de 230 millas. Ademais no porto de Celeiro atópase atracado o buque de apoio "Irmáns García Nodal", en servizo as 24 horas.

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, pola súa banda mobilizou dúas estacións móbiles de medición da contaminación atmosférica á zona. A primeira, está emprazada no porto de Celeiro, e a segunda estación, na lonxa do concello de O Vicedo

Todos os valores recollidos desde as 21 horas do martes nesta estación están moi por debaixo dos umbrais. As estacións móbiles recollen datos cada cinco minutos, que son enviados directamente ao laboratorio de Medio Ambiente de Galicia e dende alí ao Centro de Control, na propia Consellería, en San Lázaro.

As estacións móbiles miden a presenza de óxido de nitróxeno, monóxido de nitróxeno, dióxido de azufre, monóxido de carbono e ozono. Todos os valores recollidos ata agora, tanto na estación móbil de Celeiro como no resto de estacións fixas distribuídas pola costa teñen sido os habituais pese a presenza do buque fronte as costas galegas dende o pasado sábado.

### Zona de abrigo

Tal e como se reflicte no informe presentado hoxe, o buque foi trasladado a unha zona de gran abrigo ante un amplo abano de direccións do vento e do mar coa finalidade de garantir a seguridade dos cidadáns, da costa e do propio barco. O obxectivo último é evitar a posibilidade de que os gases irritativos podan dirixirse cara á poboación.

O barco fica desde onte á noite fondeado cos seus propios medios a seis millas da costa, a unha milla ao surleste da Illa de Coelleira, nun lugar no que non se presentan problemas para a poboación próxima.

### Operacións en marcha

Ata o barco trasladáronse na mañá de onte seis tripulantes de Sasemar e dous da tripulación do buque, incluíndo o primeiro oficial, que se encargaron de abrir a adega afectada para ventilar. Ademais realizáronse dous voos de helicóptero para facer termografías co fin de detectar os focos principais de calor, un dos voos foi co adega pechada e outro con ela aberta. Xa pola tarde, dous bombeiros da Coruña e persoal de Protección Civil do concello de Cervo subiron ao buque co obxecto de tomaren temperaturas con cámara termográfica e tamén tomaron mostras de gases e material sólido para a súa posterior análise no laboratorio da Consellería de Medio Ambiente e desenvolvemento Sostible.

Na xornada de hoxe se prevé a introdución de tubos con auga a presión para eliminar o proceso de descomposición sostida que experimenta o fertilizante.

### Un fertilizante común

De acordo cos informes dos que dispón a Xunta, a carga que transporta o buque é un fertilizante de uso común nas labores agrícolas. Está composto por nitrato amónico, nitrato de magnesio, dolomita, carbonato e pedra caliza como acondicionador. Non contén ningún elemento perigoso e non aparece clasificado como material perigoso para o seu transporte de acordo co libro alaranxado da ONU sobre a materia. É soluble en auga fría e altamente biodegradable.

Segundo consta no documento presentado hoxe, os gases procedentes da degradación do fertilizante que transporta o buque non supoñen riscos para a saúde das persoas en espazos abertos.

### Información constante aos alcaldes e confrarías

O Goberno galego está en contacto permanente cos alcaldes e confrarías de pescadores para trasladarlles toda a información da que dispón sobre as operacións que se van a realizar no buque Ostedijk. Deste xeito o conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, José Luis Méndez Romeu, mantivo onte unha xuntanza cos alcaldes de Viveiro, Xove, Mañón, O Vicedo e Cervo para ofrecerlles información de primeira man sobre as decisións adoptadas onte á noite sobre a situación do Ostedijk no seo do comité reitor da incidencia, emprazado na capitanía marítima da Coruña.

Pola súa banda, a Conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos, Carmen Gallego Calvar trasladouse onte a Celeiro para manter unha reunión cos patróns maiores da zona para explicarlles de todas as medidas que se están a adoptar en relación ao buque e a súa carga. O Conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Manuel Vázquez mantivo unha xuntanza de traballo coas principais asociacións ecoloxistas do país para informarlles das operacións.

O Goberno galego ten previsto seguir en contacto permanente cos rexedores da comarca para recoller as súas demandas e preocupacións e para someter a un intercambio de opinións as decisións que se tomen sobre o barco.

## POLÍTICA TERRITORIAL INVESTIU 1,8 MILLÓNS DE EUROS EN OBRAS DE EMERXENCIA EN DIFERENTES ESTRADAS DA CORUÑA E PONTEVEDRA

- Política Territorial xa executou distintas obras de emerxencia nestas provincias que suman 11,4 millóns de euros
- Trátase de actuacións de urxencia en infraestruturas que se viron afectadas polas choivas acaecidas en Galicia en outubro e novembro

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes deu hoxe conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia de diversas obras que se están a acometer en estradas das provincias da Coruña e Pontevedra que se viron afectadas polas choivas de outubro e novembro así como da contratación de estudos e proxectos necesarios para acometer estes traballos. A estas actuacións destináronse 1,8 millóns de euros, que se engaden ás obras e proxectos tamén de emerxencia dos que xa se deu conta en anteriores reunións do Consello da Xunta.

As obras declaradas de emerxencia pola Consellería de Política Territorial das que hoxe se deu conta inclúen actuacións diversas como son, entre outras, a limpeza de foxos e retirada de entullos das estradas ou a substitución de varias das obras de drenaxe transversal da Vía do Salnés. Tamén se deu conta da contratación de emerxencia de varias asistencia técnicas para a redacción de proxectos, a vixilancia das obras ou o estudo dos danos causados polas choivas na rede de estradas locais.

Esta é a sexta reunión do Consello da Xunta na que a Política Territorial dá conta de obras de emerxencia. Ata o de agora estas actuacións suman un investimento total duns 11,4 millóns de euros destinados a reparacións tanto de estradas de titularidade autonómica como municipais.

## PESCA INFORMA DAS ACTUACIÓNS DE EMERXENCIA LEVADAS A CABO TRAS AS FORTES CHOIVAS ACAECIDAS EN GALICIA EN OUTUBRO

- A conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos deu conta esta mañá no Consello da Xunta das accións levadas a cabo polo seu departamento destinadas á limpeza, recuperación e rexeneración dos bancos marisqueiros afectados polo arrastre de lodos e residuos
- Estas actuacións contaron cun orzamento de 834.228,27 euros

A Conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos informou esta mañá no Consello da Xunta das actuacións de emerxencia acometidas polo seu departamento con motivo das fortes choivas acaecidas en Galicia o pasado mes de outubro e que ocasionaron importantes danos nalgúns areais galegos. Así, o informe indica que se levaron a cabo unha serie de accións de emerxencia destinadas a tarefas de limpeza, recuperación e rexeneración dos bancos marisqueiros afectados nas que se investiron un total de 834.228,27 euros.

Para a realización destes labores, o departamento autonómico puxo á disposición dos mariscadores e das confrarías a maquinaria e o persoal necesario para axudar nestas tarefas de limpeza. Así, dende comezos de outubro, o persoal e a maquinaria empregada por esta consellería retirou un total de 12.290,34 toneladas de residuos na praia da Torre (Rianxo), 873,60 toneladas na praia de Raposiños (A Pobra do Caramiñal), 23.540 metros cúbicos de lodos e arrastres nas praias da Seca e Padrón (Poio), 295 metros cúbicos en Domaio (Moaña), 160 metros cúbicos na Ramallosa (Nigrán) e 83 metros cúbicos na praia de Riomaior (Vilaboa).

Máis medidas establecidas por Pesca

Outras das medidas adoptadas pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos desde que se produciron os primeiros arrastres de lodos e sedimentos a algunhas praias galegas foi o control e seguimento dos areais afectados. Puxo á disposición deste fin aos seus biólogos de zona e aos seus técnicos para realizar as mostraxes e análises precisas para determinar o grao real de afectación destas zonas e poder minorar os efectos negativos nelas. Ademais, a través do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (Intecmar) levouse a cabo, e continúa a realizarse de forma habitual, un control exhaustivo da calidade das augas realizando mostraxes específicas para detectar a posible presenza de metais, organoclorados e outros axentes.

Por último, a consellería puxo en marcha, ao amparo do decreto de medidas urxentes aprobado polo executivo galego, a Orde do 16 de novembro de 2006 pola que se arbitran as axudas para paliar as repercusións que as inundacións provocaron nos bancos marisqueiros da nosa comunidade. Esta orde establece como zonas máis afectadas " (...) a praia de Raposiños (A Pobra do Caramiñal), as praias de Portomouro,

Fontenla e Pedra Rubia en Boiro, a praia de Padrón e A Seca en Poio, a praia da Torre en Rianxo, así como *industrias conserveiras sitas no concello de Poio.*” e polo tanto son as que se poderán acceder ás axudas. Así mesmo, a Orde do 28 de decembro de 2006, que modifica a anterior, inclúe “(...)o banco marisqueiro de Bañobre, explotado pola confraría de pescadores de Miño (...)” como afectado polos efectos das intensas choivas e como beneficiario, tamén, das subvencións.